

### 4.3 XADREZ

A idea de levar o xadrez ás aulas e ao pobo xa ven de 1917 en tempos da revolución Rusa. O obxectivo era formar persoas críticas e rigorosas como pensadores. O PP retira materias como filosofía, música e aquelas que chamamos humanidades e logo achega propostas coma esta. ¡En fin! Cousas veredes....

Os beneficios que aporta a práctica do xadrez son enormes: Concentración, Cálculo mental, distribución do tempo, intuición, imaxinación, creatividade... Ademais doutros valores como a xustiza, o carácter, a toma de decisións responsables e fundamentadas, a empatía, o respecto pola persoa rival (non inimiga)... Incluso favorece moito a rapaces e rapazas con problemas de TDAH, ou trastornos psíquicos ou sociais, e é unha excelente ferramenta preventiva e terapéutica contra o Alzheimer aínda que isto excede do ámbito desta proposta.

Por exemplo, En Ourense provincia, temos inmensa sorte neste sentido. O xadrez está implantado en máis de 25 centros como materia extraescolar, incluso nalgún deles dentro do horario lectivo. Non é casualidade que 2 torneos de xadrez escolar celebrados en Ourense - a Copa Galicia Escolar e o Festival Internacional de Expourense - teñan superado con folgura os 300 participantes de entre 6 e 16 anos convertíndoos nos de maior participación incluso do Estado. (abano de idade que afecta á proposta en cuestión).

O Club Xadrez Ourense, como exemplo, imparte xadrez en 14 centros a través de monitores titulados (profesionais do sector) e de psicólogos licenciados que están conseguindo chegar, a día de hoxe, a case unha quincena de centros en Ourense e provincia.

En outros lugares de Galicia, por suposto, tamén se está a traballar moito e ben, como exemplos máis relevantes: en Lugo faino a través da Escola Luguesa de Xadrez, en Ferrol o Círculo Ferrolán, na Coruña o Club Alexandre Bóveda, en Vilagarcía a través do Club Xadrez Fontecarmoa, etc...

Chama poderosamente a atención que, de súpeto, a Consellería de educación considere a Redondela o epicentro do taboleiro de xadrez galego, onde o Consellerio de Educación asinou un convenio de colaboración co Señor Silvio Danailov, directivo da federación Europea, e co Alcalde de Redondela, Javier Bas, co fin de desenvolver ideas e métodos para desonveler este proxecto en Galicia. Resulta curioso, que un representante da Federación Europea que pouco máis que chega para sair na foto e volve a Bulgaria, e o alcalde de Redondela, onde a tradición de xadrez, cando menos na actualidade, é mínima, merezan tanto predicamento para o PP.

E eu pregunto: Quen vai ser o responsable de implantar o xadrez nas escola galegas? Algúns dos oportunistas que saen nas fotos que a prensa publicou xa en Marzo pasado, responsables de que se conte con señores de Bulgaria para iluminarnos e desenvolver os nosos proxectos, ou por el contrario, coas persoas realmente vinculadas ao sector en Galicia, escolas de xadrez, e clubs como os antes mencionados, avalados por anos de traballo impartindo xadrez no noso país con amor, dedicación, coñecemento, eficacia e acadando resultados?

Eu chamaría á reflexión as nosas señorías do PP para definir concretamente a introdución e implementación do xadrez nas aulas xa que non debера deixarse en mans de calquera.

De aí a emenda presentada. Estando de acordo coa proposta é imprescindible unha programación seria, unha estrutura definida dentro dos horarios lectivos e un número elevado de mestres e pedagogos cun amplo coñecemento do xadrez. Se non, calquera rapaz de 10 anos dun dos moitos clubs de xadrez que hai en Galicia, superará en coñecementos ao seu profesor (si estes xorden como cogordos en campo húmido e sen preparación).

Os Mestres deben superar un curso de capacitación SERIO na materia do xadrez que lles permita impartir esta difícilísima materia con confianza. E isto non se fai da noite á mañá.

Ademais débese aproveitar a experiencia da xente que leva décadas impartindo aulas de xadrez extraescolar; dos monitores/as tituladas e

contrastadas que hai en Galiza; da xente que leva anos vivindo o xadrez desde dentro e tratar de impicalos para darlle forma seria ao proxecto. Non deixen que esta disciplina milenaria se imparta de calquera xeito e por calquera persoa pouco preparada por obter un bonito titular.

Grazas.